



número 11. Novembro 2011

## V ENCONTRO DE VOLUNTARIADO E DANO CEREBRAL

Os días 23, 24 e 25 de Setembro, celebrouse en Santiago de Compostela o **V Encontro de Voluntariado e Dano Cerebral que organiza FEDACE** (Federación Española de Daño Cerebral), e o que acuden entidades de todo o territorio nacional.

Para presentar as xornadas realizouse unha mostra do traballo por parte dos usuarios do Centro de Día de Sarela da actividade de obediencia-Agility que realizan nas instalacións do Refuxio de Bando. Así mesmo tivemos a colaboración do Clube de Agility Agildogs, que realizou posteriormente unha exhibición profesional.

A presentación das xornadas acudiron diferentes personalidades como D Gerardo Conde Roa, Alcalde de Santiago, D. Ovidio Rodeiro Tato Director Xeral de Xuventude e

Voluntariado, D. Francisco Durán, Vicerreitor de Estudantes e algúns concelleiros do Concello de Santiago que acompañaron a D. José Balboa (Presidente de Sarela) e Valeriano García-Rivera (Gerente de FEDACE).

Nestas xornadas os voluntarios/as recibiron formación por parte da psicóloga e terapeuta ocupacional de Sarela, sobre "Manexo en situacións difíciles" e "Apoio nas actividades da vida diaria." Os coordinadores/as formáronse en "proxectos de aprendizaxe-servizo" impartido polo coordinador de voluntariado da USC.

O domingo 25, realizouse un acto de clausura onde acudiron o Presidente e Secretario de Sarela, entregando os diplomas a cada un dos asistentes. Logo dunha visita pola cidade, fíxose unha comida de despedida.



Presentación das xornadas



Exhibición de Agility (Sarela)

**XA DISPOÑEMOS DA LOTERÍA DE NADAL N° 26.784**

**XA DISPOÑEMOS DA LOTERÍA DE NADAL:**

**Nº: 26.784**

## **CHARLA INFORMATIVA SOBRE A INCAPACITACIÓN XUDICIAL**

O 6 de Setembro realizouse esta actividade proposta polo grupo de familias de Sarela. Tivemos o pracer de escoitar a Paula Vila e a Roberto José Soto, Forense e Xuíz do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago de Compostela, que orientaron, asesoraron e aclararon as dúbidas dos asistentes sobre o tema. A charla acudiron un total de 35 socios de Sarela.



Ademáis de explicar o proceso de incapacitación paso a paso e a documentación precisa para facelo, os poñentes responderon a tódalas dúbidas plantexadas. Algunhas delas foron a rendición de contas, a designación do tutor, e os tipos de incapacitación.

Agradecemos o bo facer dos poñentes y a participación dos nosos socios, esperando que **propoñades temás do voso interés y participedes nas vindeiras actividades**



## **GRUPO DE FAMILIAS**

Recordamosvos a todos os socios/as familiares de personas con Daño Cerebral, que podedes participar no grupo de familias. Os familiares reúnen os últimos venres de mes, para aprender sobre diferentes temas que afectan directamente as vidas dos seus familiares e as suas propias. Este grupo posibilita a creación dun espacio aberto onde se poden compartir experiencias,

inquietudes e mesmo poder pasar un anaco agradable con persoas que viven e entenden a vosa situación.

Animamosvos a participar e a formar parte activa de Sarela. As persoas interesadas pñense en contacto coa asociación no teléfono 981-57-70-37 e preguntar por Eugenia (traballadora social).

## **26 DE OCTUBRE DIA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO**



*Usuarios do centro na mesa informativa*

Co obxectivo de **sensibilizar e concienciar a poboación xeral** da problemática do dano cerebral adquirido, Sarela como ven facendo dende hai uns anos ubicou unha **mesa informativa no Hospital Clínico Universitario de Santiago, dende as 10:30 as 13:00 horas.**

Tanto **profesionais como usuarios do centro**, estiveron durante a xornada informando a todas as persoas que se atopaban por alí.

Ademáis, a **Escola Galega de Saúde para Cidadans**, convocou no seu **foro de expertos, sobre o ictus e o dano cerebral adquirido**, o responsable da unidade do ictus do CHUS (Miguel Blanco) e o presidente de FEGADACE (Jose Balboa)

## NOVAS DE INTERESE

Dende o 13 de Outubro Sarela conta con unha **monitora de tempo libre e unha periodista** grazas a subvención concedida pola Consellería de Traballo de **programas de cooperación** que traballarán durante 9 meses en Sarela.

**Lucía** (monitora de tempo libre) **apoiará nas actividades que se levan a cabo pola tarde as que acuden as persoas en lista de espera**, que cada vez son máis. Ademais **prestará apoio no servizo de comedor**.

**Antía** (periodista), **elaborará coa Xunta Directiva de Sarela o Plan de Comunicación**, xa que **é un dos obxectivos marcados no Plan Estratégico 2011-2014** aprobado pola Xunta Directiva.

## VOLUNTARIADO

Actualmente Sarela conta con **16 voluntarios**, que **participan activamente na vida asociativa**, colaborando e apoiando no desenrolo das actividades que levamos a cabo no centro de día.

**Agradecemos a súa inestimable colaboración en Sarela** que facilita o noso traballo e permite prestar unha atención moito máis individualizada os nosos usuarios.

**Se queres participar** como voluntario, ou coñeces alguén que poida estar interesado en **aprender e formarse no campo do dano cerebral adquirido**, contacta coa entidade no teléfono 981-57-70-37.

## OS NOSOS COLABORADORES



**Agradecemoslles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.**